



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE) E A FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO (FSG) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E SENSIBILIZACIÓN FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO E APOIO ÁS SÚAS VÍTIMAS, ENTRE A COMUNIDADE XITANA EN GALICIA, ENMARCADAS NO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Orde do 29 de decembro de 2017 sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e noutros órganos da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, establece no seu artigo 3 que se delega na persoa titular da Secretaría Xeral da Igualdade a formalización de acordos e convenios en materias propias do seu ámbito competencial.

A Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, aprobado na sesión plenaria do Congreso o 28 de setembro de 2017 e na sesión do Senado do 13 de setembro de 2017, contén un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller, incluíndo tamén a violencia sexual, e en concreto medidas tales como o deseño de programas de prevención, detección e protocolos especializados en atención e actuación para casos da violencia sexual, así como accións de promoción e desenvolvemento de programas integrais de atención á violencia sexual, e a necesidade de traballar para mellorar o acceso á prevención, protección, atención integral e recuperación da vítimas desta violencia.

A Fundación Secretariado Xitano é unha entidade sen ánimo de lucro que presta servizos para o desenvolvemento da comunidade xitana en España e Europa, e ten como finalidade a promoción integral da comunidade xitana desde a atención á diversidade cultural; orienta o seu traballo na mellora do acceso das persoas xitanas aos dereitos, servizos e recursos sociais en igualdade de condicións co resto dos e das cidadáns/ns, realiza accións dirixidas a mellorar as condicións de vida das persoas xitanas e a potenciar o recoñecemento, o apoio e o desenvolvemento da súa identidade cultural; leva a cabo actividades nas áreas





de emprego, inclusión social, educación, saúde e igualdade de xénero, entre outras, e e realiza ademais un importante traballo de sensibilización e incidencia social para mellorar a imaxe social das persoas xitanas.

Pola súa dimensión e capacidade de chegar a un importantísimo número de mulleres xitanas de Galicia, e pola súa experiencia e coñecemento das mulleres xitanas e a especialización das e dos profesionais coas/os que colabora no campo da igualdade e a loita contra a violencia de xénero, a Fundación Secretariado Xitano reúne as condicións para o desenvolvemento dun Programa de prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero e apoio ás súas vítimas, entre a comunidade xitana en Galicia.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de cara a mellorar a situación das mulleres deste colectivo que padecen situacións de violencia de xénero, estima conveniente asinar un convenio de colaboración coa Fundación Secretariado Xitano para o desenvolvemento de accións de prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero e apoio ás súas vítimas, entre a comunidade xitana en Galicia, enmarcadas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

O obxecto deste Convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e a Fundación Secretariado Xitano, para contribuír a mellorar a atención ás mulleres xitanas que sofren violencia de xénero en Galicia e sensibilizar e promover relacións igualitarias entre homes e mulleres da comunidade xitana, así como para apoiar a formación das e dos profesionais do ámbito social no coñecemento comprensión da realidade que viven as mulleres xitanas.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

